

TEMA 2.

A ARTE CLÁSICA: ROMA

A arquitectura: caracteres xerais. A cidade romana. Tipoloxías construtivas

1. Introducción histórica

2. A arquitectura romana

2.1. Precedentes

2.2. Características xerais

Orixinalidade

Materiais

Sistemas construtivos

Concepto de arquitectura novo: o espazo interior

Deseño da cidade arredor do foro

Arquitectura adaptada á función: serie de tipoloxías de edificios urbano

PRÁCTICOS

Panteón de Roma

O Coliseo

O Arco de Tito

O Teatro de Mérida

O Acueduto de Segovia

O Arco de Constantino (No entra)

A arte romana é unha **arte práctica e útil**, fortemente influído polo carácter austero dos seus exércitos. Si Grecia buscou a beleza, **Roma buscou a utilidade** das súas obras.

1. INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

VTR: Audiovisual: Grandes civilizaciones: Roma (Arte Historia – 9,40)

https://www.youtube.com/watch?v=L_7f-k9sq7U

Na historia de Roma distinguimos **tres períodos** claramente diferenciados:

A MONARQUÍA que comprende desde as orixes lexendarias no ano **753 a. C.** ata o ano **509 a. C.** coa expulsión do último rei etrusco. Nesta etapa a cidade de Roma estaba **baixo o poder etrusco e a influencia desta cultura é moi importante.**

A lenda conta que Roma foi construída por dous irmás xemelgos **Rómulo e Remo no ano 753 a. C.** Os irmáns foron abandonados no río Tiber para que morreran de fame pero unha loba (Luperca) atopounos e criounos. Anos máis tarde, Marte o deus romano da guerra, díxolles que levantaran unha cidade no lugar onde foron rescatados pola loba.

A REPÚBLICA (509 - 31 a. C.). É unha etapa de **conquista, de expansión e consolidación do poder** tanto pola **Península Italiana** como polo **Mediterráneo.**

O **enfrentamento** coa potencia do momento, **Cartago**, nas **Guerras Púnicas** (264 – 146 a. C.) e a **vitoria romana** sobre ela posibilitou a **formación dun vasto imperio**, grazas a un **exército profesionalizado**. Roma era un **Estado forte e ben organizado** baixo un modelo republicano **dominado pola aristocracia patricia**, desde o **Senado.**

Desde o punto de vista **económico**, este período caracterízase polo desenvolvemento do **latifundismo e o escravismo**. Desde o punto de vista da **arte** é **notable a influencia grega**. Os últimos anos contemplan o **crecemento do poder persoal** (Xulio César).



O IMPERIO (31 a. C. - 476 d. C.). Os primeiros tres séculos comprenden unha etapa de **gran esplendor**, liderada polos distintos **emperadores** que representaban **tódolos poderes** (político, militar, relixioso,...). O imperio **continúa a expansión territorial** da República ata os emperadores **Traxano e Adriano**.



Consolidouse un modelo urbano (a cidade centro económico, político, relixioso, administrativo e cultural) baseado no **traballo escravo** e cuxas **actividades económicas** destacadas eran a **agricultura**, a **artesanía** e o **comercio** para o que se empregaba a **moeda** (*aureo* - ouro, *denario* - prata, *sestercio* e *dupondio* - bronce e *as* - cobre).



Aureo de Alejandro Severo (222 – 235 d. C.)

Os dous últimos séculos podemos definilos como de **disgregación, crise e caída do Imperio e do modelo escravista**. Ó mesmo tempo prodúcese a **chegada dos pobos bárbaros** (ex. pobos xermánicos como os francos – baixa Renania e Wetsfalia; e os godos – sur de Suecia) ó lindes do imperio e o **desprazamento do centro de gravidade deste cara Oriente** (traslado da **capital do imperio a oriente e posteriormente a división do imperio en occidental e oriental** o emperador Teodosio dividiuno entre os seus fillos: Honorio occidente e Arcadio oriente).

Durante o imperio, **Roma creou unha sólida estrutura social, xurídica, política e comercial** que **impuxo a tódolos territorios conquistados**, sobre todo na parte occidental. Para isto serviuse dos seus **exércitos**, da **administración**, e das **vías de comunicación**.

Todo o Mediterráneo (Mare Nostrum) quedou **baixo o mesmo poder, o Estado de Roma**: impúxose a **mesma lingua** (latín), a **mesma Lei** (Dereito romano), levantáronse as **mesmas construcións tanto públicas** (estradas, pontes, termas, teatros, arcos de triunfo, acueductos, etc.) como **privadas**, a **mesma arte**.

A **arte** (arquitectura, escultura e pintura) foi un **instrumento máis de ostentación do poder romano** e de **propaganda político-cultural** empregada en todo o imperio como veremos ao longo do tema. A arte tamén estaba ao servizo da relixión.

A **relixión** na historia de Roma coñeceu unha importante evolución no tempo que condicionou os temas escultóricos e a **arquitectura relixiosa** (templos). Podemos resumila do seguinte xeito:

- **Imitación da relixión grega**: mesmos deuses con distintos nomes.
- **Crise relixiosa e entrada de deuses orientais** (Isis, Mitra, ..)
- **Triunfo do Cristianismo** no s. IV d. C.: proclamación do Cristianismo como **única relixión oficial do Imperio** (primeiro Constantino co **Edicto de Milán de 313** recoñeceu a tolerancia relixiosa; e Teodosio no ano **380 co Edicto de Tesalónica** nomea ao cristianismo como relixión oficial do Imperio romano).

Para a contextualización das **obras hispano-romanas** debemos lembrar que **Roma comezou a conquista da Península Ibérica no 218 a. C. durante a etapa da república**. A conquista total **non rematou ata o 19 a. C. xa baixo o Imperio** (Guerras cántabras). A este período pertencen dúas das obras a estudar: **o Teatro de Mérida e o Acueduto de Segovia**.



Hispania converteuse nunha **provincia máis do Imperio Romano**, e unha das áreas máis **romanizadas do Mare Nostrum**.

Obras como acuedutos, teatros, anfiteatros, pontes, calzadas, murallas, etc., contribuíron á **romanización**.

Nota: Tódalas obras estudadas nos prácticos pertencen a esta última etapa histórica, **o imperio**.

VTR: Audiovisual: la caída del imperio romano (6,50) – Canal Historia

<https://www.youtube.com/watch?v=LKFoK5IU6gA>

2. **A ARQUITECTURA ROMANA.**

2.1. Precedentes.

A arquitectura e, en xeral a arte romana **comeza nun momento tardío** en torno ao **s. III-II a. C.** Os romanos **herdan tres tradicións**:

- A **itálica**: propia, primitiva, popular, austera e utilitaria.
- A **etrusca**: que sería a **base fundamental** da arte romana na primeira época, aportando **dúas novidades** ó mundo clásico: **o arco e a bóveda**.
- A **grega helenística**: recibida primeiro **dunha maneira difusa a través de Etruria e da Magna Grecia** e, despois do s. II dun xeito máis directo cando Roma conquista Grecia e seguen levando á capital obxectos artísticos e ós propios artistas como escravos.

ETRURIA Italia Central: Toscana, Umbria, Lacio. 800 - 500 aC



LA MAGNA GRECIA

- Nombre dado al extremo meridional de Italia que, junto con Sicilia, fueron territorios colonizados por los griegos.




www.viladecada.es - Viladecada LTDA. Institución ATE - consultas@viladecada.es

2.2. Características xerais.

a) Orixinalidade

A arte romana, a pesar de copiar doutros pobos, resulta **orixinal** non polos elementos que a forman, senón polo conxunto, a idea, a función e súa concepción que si é de todo romana:

- Os romanos **concibiron os edificios dando moita importancia o espazo interior.**
- Desenvolveron unha **variada tipoloxía arquitectónica civil** adaptando os edificios ás súas **funcións civil** (teatros, anfiteatros, termas, basílicas, foros), **ademais da enxeñería civil** (pontes, acuedutos, etc.). Ademais da súa **funcionalidade**, estas construcións están **ao servizo do Estado**: son **testemuñas da superioridade romana fronte aos outros pobos.**
- **O urbanismo romano** e a creación das cidades: aínda que deban a gregos e etruscos os planos e a organización, **a idea de cidade e a súa urbanística considérase propiamente romana.** A cidade para os romanos é a **célula básica de toda a organización do poder** e ademais convértese no medio de exteriorización dese poder.




b) Materiais


Pola necesidade de **construír moito e de présa** (rápidas conquistas), os materiais eran **baratos e lixeiros**. Empregouse o **adobe e a pedra** (porosa ou tamén resistente).

Novos materiais: ladrillo (en forma de sillería/cantería) e **formigón** (elaborado a base de pedra, area, cal, auga e cemento). Ás veces a este formigón engadíronselle **estruturas de madeira** conseguindo **un formigón reforzado**.

Perfeccionaron o **sistema de aparello** construíndo diferentes tipos de muro segundo o material: cachotería, cantería, sogá e tizón, formigón e mixto a base de capas de pedra e ladrillo. Tamén, ás veces, recubriron o formigón con **láminas de mármore ou con estuco**.



Según a disposición dos materiais en el muro se obtendrían diferentes aparellos que los romanos llamaban “opus”






Todos estos materiales constructivos se recubrían con materiales nobles. Algunas de las construcciones que se han conservado eran enteramente de mármore, pero esto era un lujo sólo al alcance de los emperadores, por lo que eran más frecuentes los revestimiento de mármore o de mosaicos

c) Sistemas construtivos:

- **Sistema arquivado**. Emplearon as tres **ordres gregas** (dórica, xónica e corintia) e crearon outras dúas, a **toscana e a composta**.


A **toscana** é unha reinterpretación da dórica e a xónica: plinto, basa con toro e escocia, fuste liso, capitel con equino e ábaco e tamén resulta máis esvelta.



A **compuesta** é a suma do capitel xónico e o corintio, é dicir, leva: volutas e follas de acanto.



Os romanos empregaron as **ordes arquitectónica de diferente xeito** xa que, na mesma fachada, usaban dúas, tres ou catro ordes.



Os **entablamentos** son tamén algo distintos, resultan **máis ricos en decoración**.




Entablamento con arquitrabe y columnas corintias. Teatro romano de Mérida

- **Arco de medio punto, bóveda de medio canón ou de arestas e cúpulas.**


As **bóvedas** eran construídas a base de **elementos lixeiros e ocos** (cerámicas, pedras porosas como a pómez,...).



As **cúpulas** levantáronse directamente sobre o muro ao ser a planta e o alzado circulares (o Panteón) ou empregando **pechinas/pendentes** (triángulos esféricos) e **trompas** (pequenas bovedañas) cando había que pasar dunha superficie cadrada a unha circular (nas termas).



- **Sistemas mixtos**: uso de **dintel** mais **arco** e **bóveda de medio cañón**. Obtivo un **gran éxito** para nos **arcos de triunfo**, principal monumento conmemorativo romano xunto ás columnas.




d) Crearon un concepto de arquitectura novo marcado polo espazo interior

Os romanos **crearon e desenvolveron a arquitectura como un espazo interior** (herdanza etrusca) é dicir, un **espazo pechado por muros e cuberta**, modelado ás súas necesidades. Nas anteriores culturas (exipcia e grega) ese espazo non existía (sustituído polas **salas hipóstilas** ou ben porque se concentraba a atención no exterior, como era o caso dos templos gregos).



Sala hipóstila del: Templo de Luxor y de Abu Simbel y sección transversal del templo de Karnak.

En cambio, os romanos **construíron espazos interiores inmensos e diáfanos** como a *basílica de Maxencio* ou o *Panteón*. Isto foi posible debido ao **emprego de novos materiais** (formigón) e á **combinación acertada dos sistemas construtivos** (lintel, arco e bóveda).



A arquitectura romana está pensada e construída a unha **escala menos humana** que a grega, **máis utilitaria dominada polo ideal de autonomía e autoridade** como corresponde a un Estado poderoso.

VTR: Audiovisual: La ciudad romana (Arte Historia) 2:24

<https://www.youtube.com/watch?v=E4TGtj5eb0>

e) Diseñaron a cidade arredor do foro.



O mundo romano é **esencialmente urbano**, de maneira que todo xira en **torno á cidade**. O **grande aumento de poboación** experimentado por Roma e o **aumento de territorios a raíz das conquistas** provocarán a necesidade de **crear un plan urbanístico regular e racional**.

O sentido práctico dos romanos levará a que **utilicen como base para organizar a cidade** a forma ou estrutura que presentaban os **campamentos militares** romanos.

Así, as **ciudades romanas** teñen **forma rectangular ou cadrada** e xiran arredor do **foro** (praça central cadrada onde se desenvolvía a vida pública dos cidadáns e onde estaban situados comercios e edificios principais) e artéllase por medio de dúas rúas: o **cardo** (de norte a sur) e o **decumano** (de leste a oeste).

Este plan urbanístico desenvolveuse en Roma a partir do s. III a. C.

Nos territorios conquistados creáronse cidades á imaxe e semellanza da propia cidade de Roma.



Campamento de Aquis Querquennis “A cidá” (Bande) século I e II d. C. (Perto da vía XVIII que unía Astorga e Braga)


f) Crearon unha arquitectura urbana adaptada á súa función.

- **Edificios para espectáculos: teatros, anfiteatros e circos.**

Son de novo un reflexo do **espírito e mentalidade dos romanos**: eran construcións destinadas a **divertir e entreter** ós cidadáns. Nestes edificios destacan **dúas características esenciais** (que permiten apreciar a forma a que os romanos tiñan de entender a vida e, consecuentemente, de entender a arte):

As **grandes dimensións** que tiñan, especialmente anfiteatros e circos, que permitían acoller un **elevado número de espectadores** (mentalidade práctica).


O colosalismo e a riqueza destes edificios que poñían de manifesto o **inmenso poder do Estado**. Entre estes edificios estarían **os teatros** (exemplo o Teatro de Mérida en Hispania); **os anfiteatros** (como **O Coliseo en Roma**); ou os **circos** destinados ás carreiras de carros e atletas diseñados de forma rectangular, cos lados maiores rectos e os menores curvos (como o **Circo Máximo en Roma**).



- **Edificios de carácter funcional** como as **basílicas** e as **termas** (baños públicos):

As **basílicas** eran edificios **polivalentes** e servían como **mercado** ou para os **tribunais de xustiza** e mesmo como **espazo para institucións de carácter monetario**. Van ter unha enorme transcendencia porque serán o **modelo para as basílicas paleocristiás**.

As **termas** son **edificios orixinais romanos** nos que **combinan o sentido práctico co monumental**. Nestas construcións os romanos **aproveitaron maxistralmente os espazos internos empregando un gra repertorio de cubertas curvas e novos materiais**. Ex: Termas de **Caracalla en Roma**.



Basilica de Majencio



Termas romanas



Termas de Caracalla (212 – 217 d. C.)



- **Edificios conmemorativos:** arcos de triunfo como o de Tito ou o de Constantino en Roma; columnas conmemorativas como a de Traxano tamén na cidade de Roma. Erixíanse para conmemorar algún acontecemento importante, especialmente conquistas e vitorias romanas. (Ver prácticos).



Arco de Tito (s. I d. C.)



Arco de Constantino (s. IV d. C.)



Columna Trajana (s. I d. C.)

- **Construcións de enxeñaría civil:** calzadas, pontes e acuedutos como o de Segovia ou o dos Miragres en Mérida (ver prácticos). Son as que mellor reflicten o espírito utilitario e práctico dos romanos. Construídas ó longo e ancho do Imperio, amosan os grandes coñecementos que os romanos posuían sobre enxeñaría pero tamén sobre arquitectura. Estas obras, xeralmente de carácter monumental, son ó mesmo tempo utilitarias, propagandísticas e buscan a beleza.

Foron os romanos os **primeiros en construír pontes** de pedra, formigón ou ladrillo, de enorme tamaño e situados sobre ríos moi anchos. Foron tamén os primeiros que edificaron as pontes sobre a propia terra ou area do río. Os cimentos debían ser moi resistentes e estar ben asentados. A partir dos cimentos erguíase a ponte sobre piares moi grosos e resistentes chamados machóns que suxeitaban arcos de medio punto enmarcados por lintel. Sobre todo este conxunto situábase a calzada que permitía atravesar o río. Destaca a Ponte de Alcántara (Toledo – sobre o Teixo), a Ponte romana de Ourense ou Pont du Gard en Nimes (que tamén é acueduto)



Ponte de Alcántara (Cáceres, 104-106 d. C.)




Ponte romano de Ourense (s. I d. C.)



Pont du Gard en Nimes (s. I a. C.)

Xunto a estas edificacións tamén conservamos outras como a **muralla de Lugo levantada entre fins do século III e comezos do século IV**. É a **única muralla romana do mundo que se conserva íntegra**. A lenda conta que levantaron a muralla para protexer un bosque sagrado (*o bosque sagrado de Augusto* = *Lucus Augusti*). A cidade foi construída no ano 14 a. C. pero a muralla non se empezou a construír ata o **século III** (entre os anos 260 e 310), cando Roma comezou a sentir a ameaza dos pobos bárbaros. Construída fai máis de 17 séculos mide máis de 2 kilómetros, ten 10 portas (5 orixinais) e 85 torres. (1921: Monumento nacional; 2000: Patrimonio da Humanidade).



- **Edificios con sentido relixioso:**

Tumbas como o **Mausoleo de Adriano** ou Castillo de Sant'Angelo levantado entre o ano **135-139 d. C.**




Templos que respondían ás seguintes tipoloxías:

- **Rectangulares** segundo o modelo grego e etrusco. Exemplos *A Fortuna Viril* e *Maison Carrée*

Sigue el planteamiento general griego, aunque con modificaciones:

- Hay un **sólo pórtico con columnas**, que forma la **fachada** y única entrada al edificio.
- Suele ser **seudoperíptero**. Es decir, las columnas circundantes están adosadas a los muros laterales y posteriores de la cella.
- Posee la **triple cella** etrusca (dedicadas a Juno, Júpiter y Minerva), que es **maciza** y **completamente cerrada** por **intercolumnios ciegos**.
- Las gradas del templo griego son sustituidas por un alto **podium**, que se prolonga en la fachada principal a través de una **escalinata de acceso**.

EL MODELO DE TEMPLO ROMANO




LOS TEMPLOS ROMANOS

- El templo principal de las ciudades romanas, el capitolio, estaba por lo general localizado en un extremo del foro.
- El templo romano fue el resultado de una combinación de elementos griegos y etruscos: planta rectangular, tejado a dos aguas, vestíbulo profundo con columnas exentas y una escalera en la fachada dando acceso a su alto podio o pinto.
- Los templos romanos no se levantaron únicamente en el foro, sino que aparecen también a lo largo de toda la ciudad y en el campo.
- Uno de los ejemplos posteriores más influyentes fue el Panteón (118-129 d.C.) de Roma, que consistió en el habitual vestíbulo o pórtico hipóstilo cubierto a dos aguas, seguido por un espacio cilíndrico cubierto por una cúpula, sustituyendo la tradicional cella o habitación principal rectangular.
- Los templos rotundos, más simples, como el construido hacia el 75 a.C. en Tivoli, cerca de Roma, basados en prototipos griegos de cellas circulares peripteras, fueron también populares.



Templo de Fortuna Viril



Maison Carrée, Francia



Templo de Portuno o de la Fortuna Viril. Roma (s. III o IV a. C.) Maison Carrée (s. I a. C.)



- **Circulares** seguindo o modelo dos **tholos gregos**, ex. o templo de Vesta en Roma.





Templo de Vesta en Roma (s. VII a. C.)



Santuario de Atenea Pronaia en Delfos – Grecia 350 a. C.)


- **Mixtos con parte circular e parte rectangular** como o *Panteón de Roma* (ver práctico). Trátase dunha **creación orixinal romana**. A **planta rectangular correspóndese co pórtico de entrada**; e a **planta circular co templo propiamente dito**, que consta exclusivamente da **cella**.



Panteón de Agripa. Roma (118-125 d. C.)

Os **Templos rectangulares**: derivan directamente do **templo etrusco** e do **grego**.

- O **influxo etrusco** está presente nos seguintes aspectos: **pequeno tamaño** (menor cós templos gregos); sitúanse no **centro da cidade**, no **foro** (os gregos situábanse nas aforas das cidades ou na Acrópole); levantábase **sobre un alto zócalo ou podio liso** (non sobre escaleiras como os gregos) e **só teñen escaleiras na fachada principal**, de maneira que **só se pode acceder a eles a través de dita fachada**; con isto **fomentan e potencian a visión frontal do templo**, visión que se **acentúa porque son templos próstilos, pseudoperípteros (só presentan columnas exentas na fachada principal**, no resto do templo presentan muro con columnas arrimadas).



- O **influxo grego** obsérvase no emprego das **ordes arquitectónicas**, preferindo os romanos as **ordes máis adornadas** (corintia e composta), e na **estrutura da fachada** (á maneira grega) **con escaleiras de acceso**, sobre elas as **columnas e enriba destas o entallamento, rematando o conxunto cun frontón triangular máis estreito e puntiagudo có frontón dos templos gregos**. Os templos romanos **carecían de decoración escultórica no exterior**, polo que se presentan como **máis arquitectónicos có gregos**. No interior os templos romanos **presentaban só a cella**.

- **Tipoloxías da casa romana**. Anque é un **edificio de carácter privado**, resulta interesante pois **permítenos coñecer cómo vivían**. Presenta variedades e tipos tan distintos, que resulta **imposible falar de tódalas tipoloxías**. Referirémonos ós **dous tipos máis habituais** que reflicten as **diferenzas sociais** existentes na Roma Antiga:

Ínsulas: A xente **humilde vivía nas cidades en casas pobres e insalubres de varios pisos de altura** que se agrupaban en **mazás en torno a un patio interior**.



Ínsulas típicas de Roma en el siglo I a.c.



Vilas: Os **ricos vivían nas aforas das cidades, en luxosas e enormes casas de campo unifamiliares**.

Estas tiñan **varios patios**, destacando o **peristilo** (rodeado de columnas e tomado da casa grega) e o **atrio** (patio principal en torno ó que xiraba toda a casa), cuberto cun tellado que tiña unha abertura no centro (e que se apoiaba sobre columnas).

O **tellado inclinábase cara ao centro** (esta parte chámase **compluvium**) para que as **augas da choiva caeran sobre un estanque ou piscina (impluvium)**.



En torno ó **atrium** situábanse as habitacións: **tablinium** era a habitación principal (estaba fronte á entrada, era onde o dono da casa recibía ós seus hóspedes); o centro da vida familiar era **triclinium** ou comedor (onde a familia se reunía para comer, estaba ó lado do tablinium); **cubiculo** ou dormitorios; sala de baño; cociña e outras dependencias de servizo e almacén.

DOMUS ROMANA



VTR: La vivienda en Roma (10)

https://www.youtube.com/watch?v=FP_iOL8Z00A

VTR: Casa romana (1,56)

<https://www.youtube.com/watch?v=F1G4PV4KOcw>

VTR: Resumen arquitectura romana (9)

<https://www.youtube.com/watch?v=zLxjFF0gry8>

PRÁCTICOS

O PANTEÓN DE ROMA OU DE AGRIPA

1. Clasificación

- Arquitectura **relixiosa da Roma imperial**.
- Panteón de Roma ou tamén chamado de Agripa (según a inscrición que figura no friso).
- Foi **mandado construír por Agripa**, xenro de Octavio Augusto, no s. I a. C. (27 a. C. e destruído por un incendio no ano 80). Foi **reconstruído por orde do Emperador Adriano no s. II d. C.** (118-125 d. C.). Autor: posiblemente **Apolodoro de Damasco**.
- Templo **dedicado a diferentes divindades entre a que están as defensoras da gens** (agrupación civil ou sistema social da Antiga Roma) Julia, Marte e Venus. **A forma circular estaría relacionada con esta función de templo de todos os deuses.**



2. Contexto histórico:

O imperio e a súa política expansiva, a arquitectura como propaganda,...

A historia de Roma pasa por **distintas fases desde o s. VIII a. C. ata o s.V d. C.** que marca a súa fin: **Monarquía, República e Imperio**. Roma constitúese nun **estado centralizado na súa capital** que vai levar a cabo unha **política de conquistas**. En pouco tempo e mediante un **exército profesional perfectamente organizado domina unha gran extensión territorial** que ademais sabe manter durante séculos grazas a unha **excelente organización administrativa e de goberno**. As **boas comunicacións** (rede de calzadas), a **difusión das estruturas romanas** (económicas, sociais e político-culturais), e a **potenciación do comercio** permitiron que o **proceso de Romanización** se difundise a través das cidades das distintas provincias.



É a romana unha **civilización urbana** a diferenza do resto de occidente. A **cidade é o centro comercial, industrial, político e cultural**.


O Estado romano busca o seu **engrandecemento**, non só **económico** senón tamén **político**. Constrúe **importantes obras de enxeñería** (pontes, acuedutos,...), edificios **públicos** (teatros, anfiteatros,...) e tamén **relixiosos** (templos,...) Todas estas obras, ademais de seren útiles, serven de **propaganda política**, poñen de manifesto a superioridade de Imperio romano sobre os pobos conquistados.

Polo tanto, a **arquitectura**, como o resto da arte, estaba ó servizo da **grandeza de Roma**, primeiro da República e despois do imperio.

A arte romana **parte da grega e da etrusca** e chega a ser **orixinal e distinta**:

- **Realista e práctica**
- **Monumental e grandiosa**
- **Instrumento de propaganda política e símbolo do poder do Estado romano e tamén dun individuo, o emperador.**

En canto á relixión, **Roma era oficialmente politeísta**, de aí que o templo que logo estudaremos estea dedicado a todos os deuses. No **s. IV d. C. o Cristianismo foi proclamado única relixión oficial do Estado romano** (313 *Edicto de Milán* de Constantino = liberdade relixiosa // 380 *Edicto de Tesalónica* de Teodosio = cristianismo relixión oficial do imperio romano)



3. Descrición formal e técnica: planta, alzado elementos construtivos, materiais, et.

Descrición formal:

O templo responde á **tipoloxía de templo mixto**. Presenta **dúas partes diferenciadas**: un **pórtico de entrada** (a modo de templo grego) que presenta oito columnas corintias no fronte, friso, frontón e teito a dúas augas; e a **cella circular** formada por groso muros de formigón de ata 9 metros na súa parte máis ancha e rematada por unha gran cúpula sobre tambor.


A concepción dominante no Panteón é o **plan central, estrutura que se desenvolve ó redor dun eixe sobre o que xira o centro de gravidade do edificio cuberto por unha gran cúpula** (43,30 m. de diámetro e 43,30 metros de altura) con lucernario central.

En **planta** o edificio presenta **tres elementos** ou partes:

Pórtico:

O primeiro que destaca no Panteón é un **pórtico columnado dividido en tres naves** (a central máis ancha que as laterais), **clásico e de orde corintia**, formado por **oito columnas lisas de granito exipcio** alineadas no fronte e **outras oito no interior** formando tres naves, a central máis ancha que as laterais. Segun o pórtico trátase dun **templo próstilo e octástilo**.

As **columnas** soportan un **entablamento** formado por un **arquitrabe** dividido en bandas, un **friso epigráfico** dedicado a Agripa e unha **cornixa saínte** que serve de base ó **frontón triangular** que cerra o **típano**.




Propylon:

Entre o pórtico da entrada e a cúpula que cobre a rotunda aparece o propylon que serve de unión/paso entre as dúas partes do edificio.

Cella ou rotonda:

De **planta circular** e grosos muros que presentan nichos e columnas cuberta por unha gran cúpula semiesférica.



Interior: É un **círculo** reducido a dous compoñentes básicos: o **cilindro** e a **media esfera**. O paso do cilindro á esfera faise por medio dun **tambor**.

O **corpo cilíndrico**: está formado por **columnas e pilastras** (pilar e/ou columna adosada a unha parede ou muro) **corintias** que **soportan o entablamento** que aparece roto por unha **grande ábsida semicircular** situada fronte á entrada principal. Entre as columnas e as pilastras hai **nichos e hornacinas ou fornelos**.

O **tambor**: ofrece un **xogo de alternancias de macizos cadrados e vans rectangulares** remarcados por **frontóns triangulares e rectangulares** sobre os que descansa o **anel da cúpula**.



A **cúpula**: ten a parte interna **revestida de formigón e decorada con artesóns escalonados** deseñados para esaxerar a perspectiva. O **tamaño dos artesóns diminúe segundo se acercan ó óculo central** (de 8,92 m. de diámetro) que é a **única fonte de luz natural**.

A **parte inferior do edificio**: no que hai **columnas corintias** (dúas por nicho) danos idea dun **muro discontinuo formado por oito piares separados por nichos profundos** onde se alternan formas curvas e rectas. Todos os **nichos están empotrados nos muros**.

Salvo a **entrada que está cuberta coa bóveda de canón**, e o **nicho que está en fronte**, ambos rematados por arcos, o **muro descansa sobre o entablamento que sosteñen as columnas corintias**.


Materiais: (ver apuntes tema)

É outro dos aspectos máis novidosos do Panteón xa que se usa unha **combinación de varios materiais**: **formigón de cal con cascotes** (máis pesados no muro que na cuberta); **ladrillo** empregado nos arcos e no revestimento interior; **mármore** nas **columnas interiores**, nas **cornixas**, nos **pavimentos do interior** e **granito** nas **columnas exteriores do pórtico**.


Elementos construtivos:

O Panteón presenta un **muro moi grosso reforzado por machóns ou piares**.

Os **soportes** son **oito grandes machóns** duns 6 metros de grosor; **columnas e pilastras corintias**; e **arcos de medio** que actúan para **descargar o peso da cúpula aos piares**.



Presenta **dous tipos de cuberta**: bóveda de canón (nun pequeno tramo da entrada); e cúpula **semiesférica** na cella ou rotunda. Trátase da cúpula máis grande do mundo (43,3 metros de altura por **43,4** metros de diámetro) **ata ese momento**. É unha gran obra de enxeñaría construída grazas ós grandes coñecementos técnicos sobre o reparto do peso baseado en **arcos de descarga superpostos**. Exteriormente estaba recuberta de tellas que orixinalmente eran de bronce dourado que brillaban coa luz.



Elementos decorativos:

O muro está ornamentado con **elementos arquitectónicos** que acentúan a súa forma esférica e a súa **concavidade**. Na parte superior, o óculo enfatízase con un **anel**.

Ó exterior, a **decoración** é sinxela destacando os **arcos embebidos** no muro.



As **proporcións** son colosais e firmes e xeran **estabilidade**, en especial a rotunda, que é un exemplo de **equilibrio e harmonía**.

É notable a alternancia rítmica tanto na parte baixa do muro onde se suceden **macizo-oco precedido de columna**, como no **tambor da cúpula** onde alternan **macizos cadrados coroados por rectángulos e vans rectangulares con frontóns triangulares**.

Existe **simetría axial** grazas ó pórtico que ademais tamén lle dá **frontalidade** ao edificio.

O **espazo interior é o elemento máis orixinal**. É un espazo **estático e grandioso, real e unitario**: Este espazo caracterízase e diferénciase, ao mesmo tempo do grego, porque é **práctico e funcional**, as persoas poden acceder a el. O **dominio da curva**, tanto en planta como en alzado, crea un espazo esférico que se acentúa coa combinación de diversos elementos como nichos, artesóns, et. Tamén é **importante o óculo central que fai rotar a luz ó longo do día**, ilumina todo por igual sen crear zonas de sombra. O pórtico da entrada orixina unha **dirección lonxitudinal cara á ábsida do fondo**.



4. Conclusión:

Os primeiros templos romanos **baseábanse nos gregos e nos etruscos**. O Panteón danos un **modelo diferente e sintetiza a arquitectura relixiosa arquitrabada e solemne dos templos clásicos con un espazo novo, a rotunda**, de planta centralizada e cuberta curva e realizado con **materiais non pétreos**. Aplicáronse elementos da arquitectura civil (termas) e o resultado foi a **antítese do templo grego**.

O templo ten **carácter simbólico – cósmico**: o óculo sería *o ceo*, representaría a bóveda celeste e definiría un **eixe vertical de connotacións sacras** que estaban acentuadas pola **pintura azul con estrelas douradas** que algún día tivera o templo. Tamén podía **representar a unha Roma que naqueles momentos era o centro do universo arredor do cal xiraba o mundo coñecido**. Ademais, a cúpula está dividida en cinco círculos de 28 casetóns cada un que simbolizarían os días do mes lunar romano.

As **novidades que presenta a construción deste templo** tiveron **gran repercusión no futuro da arquitectura** como na arte de Bizancio, a do mundo islámico, a do Renacemento e a do Barroco.

Trátase **dun dos monumentos mellor conservados da Antiga Roma**.

A **gran aportación do Panteón é fundir nun mesmo espazo elementos arquitrabados e esféricos** creando un **espazo interno diáfano, nítido, simétrico e cunha luz envolvente** donde tradición e audacia se unen. O Panteón de Agripa, as solucións técnicas e sobre todo a cúpula **influirán nas obras arquitectónicas** do Renacemento, Barroco ou Neoclasicismo. A **cúpula do Duomo de Florencia** de Brunelleschi ou a de **San Pedro do Vaticano** de Miguel Ángel tiveron moi presente esta obra única e increíble.



Duomo de Florencia (Gótico/Renacimiento)
Máis grande con 45,6 metros diámetro



San Pedro del Vaticano (Renacimiento – Siglo XVI)
Máis alta con 136,57 metros de altura



VTR: Panteón de Agripa (10,28)

<https://www.youtube.com/watch?v=2P0FUjTmDWs>

VTR: Panteón de Agripa (8,40)

<https://www.youtube.com/watch?v=PFTIZ6mLI50>


O COLISEO ROMANO

1. Clasificación:

Arquitectura civil pública da **Roma imperial, s. I d. C. (70 – 80 d.C.)**

Obra: **Anfiteatro de Roma, O Coliseo**. O nome de Coliseum procede do feito de que se **construíse próximo ó palacio de Nerón**. Nas **cercanías do palacio levantouse unha estatua colosal do Emperador**. Era de bronce e tiña uns 31 metros de altura e atribúese ao arquitecto grego Zenodorus. A estatua coñecíase como *o coloso de Nerón* e, por afinidade, o **anfiteatro asumiu o mesmo nome**. A estatua foi destruída tras a caída de Roma. O pedestal mantívose ata 1936, cando foi destruído por Mussolini simplemente porque lle molestaba para crear a **Vía do Imperio Romano** (máis tarde **Vía dos Foros Imperiais**)

A construción do novo edificio fíxose necesaria por ter desaparecido o vello anfiteatro no **incendio de Nerón do 64 d. C.**



2. Contexto histórico:

Completar por apuntes tema.

Foi **construído baixo a dinastía Flavia** (**Vespasiano** comezouno e o seu fillo **Tito** rematouno). O **Imperio está xa consolidado** e a arte é un medio de **propaganda**.


3.- Descrición formal e técnica:

Función: foi construído para **representar espectáculos sangrentos con feras e homes**: loitas dos **gladiadores e dos atletas** coas feras, espectáculos como as **naumaquias** ou batallas navais, etc.



Planta: a planta é **oval** e mide en total 187,75 por 155,60 metros. A área é de 79,35 por 49 metros. Tales medidas permitían un **aforo de arredor de 50.000 espectadores**.

Interior: as partes no interior do Coliseo son as mesmas que noutros anfiteatros: **cávea ou gradaría**, **muro ou podium** e a **area ou escena** e os **subterráneos** da area.



A cávea: dispónse en **tres pisos comunicados entre si** e os corredores cubríanse con bóvedas de arestas ou de canón. A forma da cávea era **oval como a planta** para permitir ver os espectáculos desde todos os ángulos. Os **grupos privilexiados situábanse nas mellores gradas**. As portas que daban acceso á cávea recibían o nome de **vomitorios**, nome que tamén se aplicaba ás escaleiras que dividían a cávea en tramos. Toda esta estrutura facilitaba os desprazamentos. **Baixo a cávea construíanse corredores e habitacións para mellor aproveitamento do espazo interior.**

O muro: rodeaba a parte inferior da cávea e ademais separábaa do lugar onde se realizaban os espectáculos, a **area**.

A area: tiña **forma oval, o piso era de madeira e estaba cuberto de area**. Debaxo da area había un **complexo dispositivo** (hoxe en ruínas) que permitía a realización dos diferentes eventos. Había un **foxo en forma de cruz** que se abría e se **enchía de auga para facer representacións a pequena escala de combates navais** (naumaquias) tamén se **construíron cárceres subterráneos, dependencias para gardar obxectos, máquinas, xaulas de feras e armas de gladiadores, enfermerías para atender ós loitadores feridos e depósitos de cadáveres para as vítimas**.

Por medio de máquinas elevábanse ata area as feras desde os subterráneos. Deste interior destacaban as **dúas portas principais** que abrían o edificio nos seus extremos (á dereita a **porta triunfal**, á esquerda, a outra pola que saían as vítimas).



Exterior: é como unha **sucesión de arcadas de medio punto** colocadas **directamente sobre pilastras e superpostas en tres andares ou pisos** e con semicolumnas adosadas nos espazos intermedios de **diferente orde** cada piso: **dórico-toscano** o primeiro, **xónico** o segundo e **corintio** o terceiro. Nas arquerías dos pisos segundo e terceiro colocáronse **estatuas e sobre o arco de entrada principal, unha cuadriga**.

O Emperador Tito engadiu un **piso máis**, para aumentar o aforo, con **pilastras adosadas ó muro** que neste caso non supoñen a apertura de arcadas. Este **cuarto piso**, con **máis muro e menos vans**, afea bastante o edificio. É sobre este **último piso onde se colocaban os toldos (velarium) para así dar sombra ós espectadores**.

Nesta obra, a arquitectura romana acada un **maxistral equilibrio entre rectas e curvas, muros e bóvedas**. A **superposición das ordes que presenta nos tres pisos** vai ser un **esquema moi repetido en Roma e na historia da arquitectura posterior**.




Materiais: son os **proprios da arquitectura romana**:

Travertino, pedra caliza branca ou amarelenta cortada en sillares regulares para a gran fachada de arcos e columnas. Este **material é sinónimo de dignidade, grandeza e beleza**.

Formigón e ladrillo para o interior (gradas, celas, subterráneos..

Técnica: mestúrase sabiamente o **sistema do lintel e o arco e a bóveda**. Na fachada atopamos superposición de arcadas de medio punto e de ordes clásicas; no interior, base e muros de formigón con áreas abovedadas nos corredores (bóvedas de arestas e de canón).



4. Conclusión:

O anfiteatro é unha **construción orixinal dos romanos**, e a que mellor reflicte a súa mentalidade. Nace da **unión de dous teatros**. É un dos **edificios símbolo de Roma**. A entrada ós espectáculos era **libre e gratuíta e tiña como finalidade distraer e divertir á plebe** para evitar que se interesase por cuestións económicas e políticas.

É un dos **edificios civís** xuntamente cos teatros, circos e mesmo termas e basílicas.

O Coliseo estaba **situado no foro de Roma** e ó longo do territorio imperial construíronse **numerosos anfiteatros** coa mesma función e estrutura. (Anfiteatro de Pula en Croacia, Anfiteatro de Mérida, Anfiteatro de Tarragona, Anfiteatro de Nimes, Anfiteatro de Pompeya, Anfiteatro El Djem en Túnez, etc.)



Anfiteatro de Nîmes (27 a. C.)



Anfiteatro El Djem Túnez (238 d. C.)



Anfiteatro romano de Mérida (I a. C.)

VTR: Audiovisual: O Coliseum (1,19)

<https://www.youtube.com/watch?v=FZzdGvYBeIo>

VTR: Audiovisual: O Coliseum (10,34)

<https://www.youtube.com/watch?v=cRk1V3390rA>

VTR: Audiovisual: O coliseum (43, 29)

<https://www.youtube.com/watch?v=2UHszQ9slG4>

ARCO DE TITO

1. Clasificación:

Arquitectura **conmemorativa imperial romana**, s. I d. C. (anos 69 – 90 d.C.)

Arco de Triunfo de Tito. Os arcos de triunfo son **monumentos conmemorativos** destinados a ensalmar as xestas e fazañas dos emperadores de Roma. Son o mellor exemplo de arte ó servizo da política, da grandeza e o poder do Imperio romano. Os arcos de triunfo foron evolucionando e facéndose máis decorativos. Os máis simples, como este de Tito, tiñan un só arco de medio punto, os máis complexos presentaban tres arcos de medio punto, sendo o central máis alto e ancho que os laterais como ocorre no de Constantino. Trátase do arco de triunfo máis antigo de Roma.

2.- Contexto histórico:

Realizar polo tema tendo en conta que durante a **Dinastía Flavia**, etapa de esplendor da historia de Roma, foi un momento de **grande actividade construtiva**: anfiteatros como o Coliseo, acuedutos como o de Segovia,... (Emperadores como Vespasiano, Tito, Domiciano).

3.- Análise formal e técnica:

Función: este arco conmemora las vitorias de Tito quen xa, baixo o seu pai Vespasiano, puxo **fin á guerra fronte ós xudeus coa toma de Xerusalén** (ano 70), a destrución do seu templo e o traslado dos obxectos de valor a Roma como botín de guerra. A todo isto fan alusión os relevos realizados sobre o arco. Este arco é un testemuño da grandeza e poder de Roma e expresión da arte oficial do Imperio.



Descrición: orixínase a partir das portas das cidades, simbolicamente é un anaco de muralla coa súa portada en memoria do heroe vitorioso Tito. Calquera que pasase por ela honraría a súa memoria. A **estrutura do arco** é a seguinte:

Levántase sobre un **zócalo ou podium** constituído por un **plinto ou baseamento**.

O **corpo central** que está formado por unha **bóveda de canón** asentada sobre **dous pilares** decorados con dous pares de **columnas decorativas** a cada lado do arco adosadas de **capitel composto** e **ventás ou fornelas cegas** no medio. As columnas constan de basa, fuste con acanaladuras verticais e capitel composto (volutas e follas de acanto).


Presenta un **único van de medio punto** que se unía a outro situado fronte a el por medio dunha **bóveda de canón**, dando orixe a **doas frontes ou fachadas** (dos que só se decora un, a fachada principal).

O arco de medio punto está enmarcado nun lintel, as partes que quedan entre o lintel e o arco chámanse **enxutas**.



ARCO DE TITO

- El material es piedra, en sillares, y mármol. Tiene unos 15 metros de altura.
- Sobre un **podio** se encuentra el **cuerpo**, formado por una **bóveda de canón** asentada sobre **dos pilares** decorados con dos pares de columnas adosadas de capitel compuesto y ventanas ciegas en medio. Tiene un **único vano**.
- Sobre el cuerpo está el **entablamento**, formado por un **arquitraze** a 3 bandas, un **friso** (desfile triunfal de las legiones romanas en Jerusalén) y una **cornisa** que soporta el ático se encuentra el ático.
- El ático tiene una inscripción alusiva a Tito.



Sobre o arco e as columnas está o **entablamento** coas súas tres partes características: **arquitraze**, **friso** e **cornixa**. Sobre o corpo atopamos o **entablamento** formado por un **arquitraze** a tres bandas, un **friso** (desfile triunfal das lexións romanas en Xerusalén) e unha **cornixa** que soporta o **ático**.

O edificio culmina con un corpo chamado **ático** onde atopamos a **inscrición dedicatoria**.



El Senado y el pueblo (lo dedican) al divino Tito Vespasiano Augusto, hijo del divino Vespasiano.

A súa **elegancia de proporcións** convérteno no **modelo de arco de triunfo**, no que a **arquitectura sen case decoración transmite o equilibrio e a grandeza romanos**. O seu tamaño, 15,40 metros de altura, non responde á escala humana, senón que pon de **manifesto a súa propia finalidade**: **expresión da potencia imperial**.

Material: está realizado en **mármore cortado en sillares regulares**.

Técnica:

Fúndense nesta obra **dous sistemas construtivos**, o **abovedado e o alintelado** pero con función diferente. O **sistema construtivo estrutural é abovedado** e o **alintelado é só decorativo**. É unha **arquitectura lineal porque predomina a liña** en forma de contornos limpos e precisos, con un perfecto eixo de simetría

Decoración escultórica:

A decoración escultórica **conserva algúns dos relevos triunfais** da **apoteose de Tito**.

É unha das máximas expresións do **relevo histórico** característico da plástica romana e é **do tipo pictórico** porque **busca efectos de perspectiva** suxerindo a distancia mediante unha gradual redacción do grosor, do **claroscuro**, dándolle un aire ambiental á composición.

O relevo histórico dos arcos de triunfo é **ilustrativo, épico – ilusionista, dramático e está dotado dun movemento cinematográfico** mediante a presentación de escenas nas que un acontecemento esencialmente espacial é fixado por medios óptico – espaciais.

Temas representados no arco: Relevos **sobre los pilares** del arco:

Pilar norte: **Tito vencedor sobre o carro do triunfo**, detrás del voa a **Vitoria que coroa con laureis ao heroe**, levando unha cuadriga e acompañado por outra Victoria alada que leva as bridas ós cabalos. Rodeando o carro e servindo de fondo, en varios planos, un **grupo de genii** (genios ou espíritus protectores) **e lictores** (funcionarios públicos republicanos) **coroados de loureiro**, portando fasces (varas) e **dando a ilusión de movemento e vaivén á axitada multitude**. Esta tendencia ilusionista percíbese mellor no feito de que **o carro avanza na dirección do espectador**, mentres que a cuadriga segue no plano do relevo, como se figurase o momento de tomar unha curva.

Esta iustaposición é moi significativa polo feito de ser un dos primeiros exemplos de divindades e humanos presentes nunha soa escena xuntos.



Pilar sur: O relevo amosa os despoños do Tabernáculo do Segundo templo de Xerusalén antes da súa destrución. Coa mesma pompa triunfal, os **portadores coroados de loureiro levan sobre os seus ombros o botín de guerra: o candelabro dos sete brazos** (centro de atención e tallado en relevo profundo), **a Mesa del Pan** (donde se colocaban doce panes santos que se reemplazaban cada sete días e que só os sacerdotes podían comer) **forrada de ouro** para os pans consagrados, e as **trompetas de oro** coas que se chama á **loita**. Están representados **no momento de pasar baixo o arco de triunfo que decoran**.





Ademais destes relevos, hai outros sobre o intradós do arco, no friso do entablamento e tamén nas enxutas e na clave do arco. No centro da bóveda: **Apoteose de Tito** que amosa ao emperador deificado sobre unha enorme águila (símbolo de Xúpiter e Roma). A imaxe ilustra o momento no que a alma do emperador ascendía ao ceo na súa pira funeraria. (Momento triunfal e/o culminante)



Os relevos deste arco de triunfo son unha das mellores testemuñas da arte oficial dos Flavios. Recordan ós relevos da Ara Pacis Augustae e tamén ós helenísticos. Conséguese **efectos pictóricos** – como xa quedou sinalado – como a profundidade por medio da gradación do relevo. Os romanos son **auténticos mestres do relevo histórico**.

Debes elaborar unha conclusión sobre esta obra.

VTR: Destrución templo de Xerusalén (
<https://www.youtube.com/watch?v=CI93FLbVQ3k>

TEATRO DE MÉRIDA

1.- Clasificación: estilo, obra, cronoloxía, ...

Arquitectura civil da **Roma Imperial, s. I a. C.**

É o **teatro de Mérida**, polo tanto, **arquitectura hispano – romana**. Foi **mandado construír por Agripa** no ano 18 a. C., a escea é reedificada por Traxano e rematada por Adriano no 135 d.C.

2.- Contexto histórico-artística.

Ó contexto histórico xeral do tema debes engadir os seguintes datos referentes á Hispania:

A Península Ibérica baixo o poder da Roma Imperial aparecía dividida en varias provincias a nivel administrativo. Emerita Augusta era a capital da provincia lusitana e unha das cidades máis importantes de Hispania. Foi fundada por Augusto no ano 25 a. C. e contaba con numerosos edificios da arquitectura civil e relixiosa: anfiteatro, circo, teatro, foro, mercado e templos. Entre estes edificios, o teatro é o mellor conservado actualmente. Todos os edificios construídos polos romanos en Hispania son testemuño do seu poder, da súa superioridade e son tamén elementos de romanización xuntamente coa lingua latina, o exército, administración e as vías de comunicación.



Na cultura romana, o teatro tivo menos importancia que na grega, pero en Hispania coñecemos numerosos restos de teatros con significativo aforo o que reflicte a alta interese da sociedade hispano – romana por esta manifestación cultural.


3.- Descrición formal e técnica

Función: o teatro de Mérida é un exemplo de arquitectura civil para o lecer e a diversión onde se desenvolven **espectáculos públicos**, en concreto **representacións teatrais e mímicas**. Eran costeados polos edís para conseguir máis adeptos polo que as representacións eran gratuítas.



	Griego	Romano
CONSTRUCCIÓN	- El graderío descansa en la colina	- El graderío descansa sobre construcción, mediante galerías
ORQUESTA	- Circular - El coro actuaba en ella	- Semicircular - No se usa en la actuación - Ubicación de asientos de gente importante
CAVEA	- Abarca más de la mitad del círculo central de la orquesta - Acceso por escaleras exteriores	- Abarca justo el semicírculo de la orquesta - Acceso por escaleras interiores
PARODOS	- Entradas laterales descubiertas - Acceso a orquesta y cavea	- Acceso cubierto con bóveda - Acceso a orquesta - Encima tenían un palco
ESCENA	- Edificación tangente a la orquesta - Sirve de telón de fondo	- Coincide con el semicírculo - Mayor tamaño
PROSCENIO	- Plataforma de 3-4m de altura, anterior a escena - Zona de actuación cuando se independiza del coro	- 1,5m plataforma donde se da la acción de los actores

TEATRO ROMANO DE MÉRIDA



Descrición técnica: o teatro de Mérida ten **forma semicircular** como todos os romanos e as partes que o forman son:

Gradaría ou cávea : espazo **semicircular** con **asentos ou gradas** onde se sitúan os **espectadores**; mide 86,63 m. de diámetro e tiña cabida para 5.500 espectadores. **Constrúese en parte aproveitando a ladeira dunha pequena colina** polo que a orchestra queda máis baixa que a rúa que rodea a cávea.


A cávea da **maioría dos teatros romanos construíase dende os cimentos**, é dicir, era **exenta**, dando orixe a unha **fachada que se dividía en corpos ou pisos**, abríndose en cada un unha **galería de arcos de medio punto con lintel**, enmarcados a ambos lados por **columnas exentas ou adosadas** ou por **pilastras de orde clásica**, indo dende a **orde máis simple no piso inferior á máis complexa no superior**. O feito de que a cávea se **construíse exenta** permitiu aproveitar o espazo situado debaixo para **facen salas onde se gardaban os aparellos que se utilizaban nas representacións**, ou salas de baño (aproveitamento e conquista do espazo interno), existindo ademais **multitude de corredores**.

Estas construcións situadas baixo a cávea estaban **cubertas moitas veces con bóvedas e cúpulas**. A cávea **exenta** permitirá tamén que o **teatro romano se poida construír no centro da cidade** (algo difícil para o teatro grego que dependía da presenza dunha colina).


O **teatro de Mérida** posúe **trece portas de entrada que comunican con un ou outro dos tres pisos das gradas**. Estas gradas están divididas en **tres partes**: prima, media e suma cávea, é dicir, **baixa, media e alta**, segundo estivese **máis ou menos cerca da estea**. Esta división realízase por medio de **corredores**.

A cávea estaba comunicada verticalmente por **escaleiras** que dividen o gradaría en sectores (cunei). Estas **escaleiras comunicaban con portas (vomitoria) de arco de medio punto ou alinteladas**. Nos extremos de edificio situábanse as **tribunas de honor (tribunalia) ou pulpitum**.

Partes del teatro romano



TEATRO ROMANO DE MÉRIDA



Orchestra: zona situada **entre a gradaría e a liña recta que limita o escenario**. É o lugar dedicado ós **coros** que acompañaban a representación teatral. Debido á menor importancia que teñen no teatro romano con respecto ó grego os coros, a orchestra ten forma semicircular e ademais é reducida, todo isto vai condicionar o resto da construción.

Proscenio: era un pequeno espacio situado **entre o escenario e a orchestra**.

Escena: é un rectángulo de 60 metros que queda libre diante da fachada onde se realizan as **representacións**. Comunica directamente cos xardíns que rodean o teatro. A **escena romana** levantábase a unha maior altura que a grega. No fondo levantouse unha fachada con columnas de orde clásica.



A fachada da escena: é a parte máis importante desde o punto de vista artístico. Sobre un plinto apóianse dous corpos de columnas con basa moldurada, fuste liso e de mármore con capitel corintio. As scolumnas soportan un entablamento dividido en varias franxas de decoración.

Materiais: en certo modo, resumen os materiais empregados por toda a arquitectura romana:

As **columnas** son de **mármore** o mesmo que o **pavimento do proscenio, da orchestra e do escenario**.

Cachotería para as paredes.

Cantería (sillería) no plinto.

Formigón para as partes abovedadas das gradas.


4. Conclusión :

O teatro romano **deriva directamente do grego**, pero presenta

diferenzas e semellanzas como fomos vendo no práctico (que debes indicar).

En Roma un dos teatros máis importantes foi teatro Marcelo (13-11 a. C.).

Debes facer referencia ás características xerais da arquitectura romana e aos edificios civís, sobre todo ao anfiteatro e ao circo. Tamén debes buscar e citar outros edificios hispanos.



VTR: Teatro romano de Mérida (2,14)

https://www.youtube.com/watch?v=Zzh_MKNhdc8

ACUEDUTO DE SEGOVIA

1.- Clasificación:

Trátase do **Acueduto de Segovia**.

Arquitectura **civil pública hispano – romana** datado situado entre o s. I e o II da nosa era, se ben as últimas investigacións e achádegos sitúano no **século II d. C., entre o ano 112 e o ano 116**.

http://cultura.elpais.com/cultura/2016/10/31/actualidad/1477929489_402129.html

Foi construído para levar ata Segovia auga da Serra e supón un **extraordinario exemplo da xenialidade romana para construír obras de inxeñería**. Trátase do **exemplo mellor conservado da inxeñería civil romana** en España.

2.- Contexto histórico

Seguir o tema e o contexto realizado para o teatro de Mérida.

A civilización romana é **basicamente urbana**, por iso o urbanismo é **unha das claves da súa arte**. Os romanos van destacar pola **cantidade e a calidade da arquitectura civil pública** pensada para **satisfacer**

esixencias derivadas da concentración da poboación nas cidades: o deseño urbano da propia cidade, o foro, cos seus edificios de goberno, administración e servizos, as obras hidráulicas (termas e acuedutos) edificios para espectáculos, (teatros e anfiteatros) e monumentos conmemorativos (columnas e arcos).

O Acueduto de Segovia foi **restaurado no século XV en tempos dos Reis Católicos** reedificando 36 arcos que hoxe aparecen suavemente apuntados. No século XVI puxéronse dúas estatuas de santos (Fuencisla e San Esteban). Esta mesma parte foi restaurada de novo no s. XIX.



3.- Descrición formal e técnica.

Función: o acueduto servía para **traer auga á civitas de Segovia** e tamén para o regadío da zona (importancia da agricultura). A traída da auga facíase desde a **serra de Fontefría a 18 Km**. Os acuedutos son **formidables obras de enxeñería** nas que encontramos tres grandes características: **seguridade no plano técnico construtivo, utilidade e tamén beleza**.

Descrición: Son **creacións orixinais romanas**. A súa estrutura segue, a grandes trazos, **o modelo das pontes** (arco de **medio punto con linteis** que se apoian sobre machóns), anque os acuedutos xeralmente presentan dous pisos ou corpos de arcos en altura (ás veces, máis). Na parte superior sitúase a canle pola que discorre a auga.



O acueduto de Segovia podémolo **describir** do seguinte xeito:

superposición de dous corpos de arcos de medio punto **apoiados en piares** divididos á súa vez en varios corpos. O piso superior remata nun **ático** con revestimento de cachotería e formigón de cal. Por este ático pasaba a **condución da auga**. Entre o **segundo piso e o ático** corre unha **cornixa** formada por unha sinxela **fila de sillares**. A lonxitude total do acueduto é de 16.220 metros. A lonxitude do acueduto no seu tramo monumental é duns 776 metros; a altura máxima é de 28,10; ten 120 pilares e 167 arcos.

Materiais e técnica: está construído de **granito** dunha **canteira descoñecida**. Os sillares de **piases e arcos van unidos sen ningún tipo de argamasa** o que presupón unha **altísima perfección técnica**. O ático é de cachotería (pedra irregular labrada rudamente) e **vai asentado en morteiro**, o interior por onde vai a canle para a **condución da auga** está recuberto cunha **argamasa de formigón** para impermeabilizalo. A **cornixa final** está rematada en sillares tallados en “V” e outros transversais. En definitiva, a **estrutura construtiva** está formada pola **conxunción do arco e do piar**.

Fución estética:

Sentido **utilitario**

Concepción monumental e duradeira (eternidade) para transmitir a **grandeza de Roma**.

Tamén buscan a **beleza, a harmonía**: hai un predominio da **verticalidade conseguida por medio do piar e do arco**. Este sentido vertical está **minorado polas cornixas** (liñas horizontais que se encargan de dividir os piares en altura) e o **remate do ático que lle dan horizontalidade**.

En síntese podemos dicir que a estrutura construtiva está baseada **na reiteración do arco e o piar que chegan a crear un xogo de luces e sombras**.

Podemos afirmar que case **carece de elementos decorativos**, son formas case núas pero dotadas de **sinxeleza harmónica**.

4.- Conclusión

O acueduto de Segovia é símbolo **de prestixio, grandeza e poder do Estado romano** a nivel económico, social e político. É un instrumento indirecto de romanización. Pero ademais, é unha **construción utilitaria** e tamén **conmemorativa porque no centro leva unha placa dedicada ó poder romano** (os emperadores sucesivos fórona cambiando). Nesta **parte central o edificio semella unha porta, a porta de entrada á cidade de Segovia**.

Os acuedutos, ao igual que a **variada tipoloxía de edificios públicos romanos**, encontrámoslos **por todo Imperio debido á homoxeneidade que caracteriza ás construcións**. Trátase dunha **arquitectura que pode ser considerada máis como obra de enxeñeiros que de arquitectos**.

En Hispania sitúase tamén **O acueduto dos Milagres (Mérida)**, moi interesante, pois os machóns prolónganse de abaixo arriba e entre eles colócanse os arcos de medio punto que están incrustados ou embebidos nos **machóns**; nos **arcos aparece unha alternancia na cor das doelas** (vermella-branca, vermella-branca,...): tanto o sistema construtivo como a alternancia de doelas puideron **influír na sala de oracións ou haram da Mesquita de Córdoba**.



Acueduto dos Milagres en Mérida (s. I d. C.)



Les Ferreres ou Ponte do Diaño en Tarragona (s. I d. C.)



VTR Audiovisual: El acueducto de Segovia (7:30)

<https://www.youtube.com/watch?v=2LqjGKSFu60>

ARCO DE CONSTANTINO

1. Clasificación.

Arco de Triunfo do **emperador Constantino**.

Arquitectura conmemorativa **imperial, s. IV d. C.** (315) en conmemoración da vitoria de Constantino I na **batalla da Ponte Milvio** (acontecida no ano 312 entre os exércitos de Constantino I e Maxencio). Gañou Constantino I o que derivou na fin da tetrarquía (gobierno de catro persoas coñecidas como tetrarcas) e a converterse na máxima autoridade dos territorios occidentais do Imperio. Esta batalla foi un importante punto de inflexión na historia do cristianismo xa que **os historiadores cristianos desta época e os posteriores atribuíron a vitoria de Constantino a unha intervención divina**. Supostamente Constantino viu no ceu unha cruz cunha lenda: *por este signo vencerás*, o cal lle despertou esa suposta tendencia ao cristianismo declarando a tolerancia relixiosa no ano 313 mediante o **Edito de Milán**. O arco atópase entre o Coliseum e a Colina Palatino.

2. Contexto histórico.

Ver tema e, ademais, engadir o seguinte:

Constantino proclámase Emperador despois da vitoria sobre Maxencio na Ponte Milvio a comezos do s. IV d. C.

Neste século, o Imperio romano débátese nunha **crise a nivel económico, social e político insalvable**. Constantino executa unha serie de medidas políticas como a **reunificación do Imperio**, a **proclamación da liberdade de cultos** (*Edicto de Milán*, 313) e tamén **medidas monetarias**.

A pesar destas e outras medidas, **o Imperio romano de occidente desaparecerá no 476 d. de C.**



3. Análise formal e técnica.

Función: O arco constrúese para **conmemorar a vitoria do emperador Constantino sobre Maxencio** na ponte de Milvio e a **reunificación do Imperio romano**. Foi levantado polo Senado e o pobo de Roma no 315. Como tódolos arcos de triunfo é unha **testemuña máis da grandeza e do poder de Roma** e do seu emperador Constantino e expresión da arte oficial do Imperio.

Descrición:

- Material: Arco de mármore que mide entre 21 e 25 m. de altura e que está situado no foro romano, cerca do Coliseo.

- Estrutura do arco: É **dos máis complexos porque presenta tres arcos de medio punto** dos que o central é máis alto e ancho que os laterais. Polo tanto, este monumento **amosa unha evolución importante se o comparamos cos arcos de unha soa abertura como o de Tito**.

- O resto da descrición faise o mesmo que os puntos, 1, 2 e 3 do arco de Tito con pequenas modificacións.

- **No paramento**, hai elementos decorativos para articular o monumento: **catro columnas libres** de orde **corintia**, **molduras**, **cornixas**, **medallóns**, **estatuas de importante tamaño**, **relevos** de moi diferente calidade, etc.

O resultado é un **arco moi recargado, máis barroco que os anteriores e de maior tamaño** que cumpre coa finalidade para a que foi construído: **ser expresión da grandeza imperial romana, pero este é o tamén da súa decadencia**.

En parte dos seus relevos deixa entrever a **crise do modelo romano**. Roma como unidade política **vaise desintegrando**, a pesar dos esforzos do emperador; as **provincias comezan a gobernarse independentemente de Roma**; os problemas entre os diferentes grupos sociais medran e o poder do emperador cambalea.

4. Decoración escultórica.

Na decoración é onde está a maior diferenza con respecto a outros arcos anteriores. É un **arco con tres aberturas**, como xa dixemos, e columnas libres no exterior que recibe dous tipos de decoración: unha **reutilizada** de tempos anteriores e **outra orixinal** realizada por artistas contemporáneos de Constantino. Ámbalas dúas serven para recrear a ideoloxía imperial

A **decoración reutilizada** componse de **oito estatuas da época traxana** ás que só se lles esculpiu de novo as cabezas para convertelas en retratos de Constantino e os seus xenerais; de relevos aurelianos e tamén os medallóns de época de Adriano. Nun dos medallóns represéntase *A caza do xabaril* e no outro *O sacrificio a Apolo*.



Detalle del tondo con el sacrificio a Apolo

Nestes medallóns é clara a **influencia da escultura helenística e tamén do clasicismo** no tratamento dos músculos do cabalo, nos pregues dos panos e no tratamento do nu. É tamén interesante ver como no *Sacrificio* o cabalo emerxe dun espacio que está indicado detrás do acompañante; e como na *Caza* o cabalo e os xinetes aparecen por encima do xabaril para indicar que está detrás del. Os procedementos do artista diríxense a informar ao espectador máis que a describir unha situación visual. Este estilo clásico rómpeno totalmente os relevos de autores contemporáneos de Constantino.

Os relevos e esculturas propios dos artesáns de Constantino son os **bustos dos emperadores divinizados**, as **vitorias e os trofeos cos bárbaros**, as divindades das claves dos arcos e sobre todo o **gran friso histórico** situado preferentemente a media altura sobre as aberturas laterais e os lados do arco. As **características destes relevos nada teñen que ver coa tradición grega**. Aparecen representadas **figuras pequenas de grandes cabezas** que se alínea a cada lado do emperador mentres este arenga á multitude desde a tribuna do foro romano; esta arquitectura ao fondo semella de xoguete. A arquitectura e as figuras **están encerradas dentro dunha estrutura inflexible que anula a máis mínima posibilidade de movemento**.

As causas da **baixa calidade técnica** deste relevo son varias: a **falta de preparación dos artesáns** dado que os obradoiros están paralizados; as **relacións entre Roma e as provincias** desapareceran polo



que a técnica herdada deteriorase. Tamén hai que citar un **marcado gusto pola simplicidade** dos trazos que leva a un **proceso de esquematización claro** xa nestes relevos. É o chamado *estilo Constantino* do que é bo exemplo o **busto do emperador Constantino**, un estilo que **rompe totalmente coa tradición grega** e abre o camiño para o paleocristiá e a posterior arte romana.

Os temas representados no friso do arco son os seguintes: **discurso do emperador aos cidadáns**, **distribución dos subsidios** e **reproducción do ritual da corte** que consiste en representar ao emperador sentado no centro, en posición frontal, mentres que o resto das figuras

están representadas de perfil en relación con el e aclamándoo. Este tipo de representación **será copiado pola escultura paleocristiá para representar a Cristo e os Apóstolos**, por exemplo.

No ático atopamos a seguinte **lenda**: *O emperador e César Constantino, o grande, o pío, o afortunado, que por inspiración de Deus, grandeza de espírito e valor do seu exército, liberou ao estado do Tirano e dos seus partidarios, o Senado e o Pobo de Roma dedicaron este arco de triunfo.*



Debes **realizar unha conclusión** sobre esta obra.

VTR: Arco de Constantino I El Grande (3,20)

<https://www.youtube.com/watch?v=eSmnglNQHh4>

VTR: Historia de Roma. Canal Historia (19)

<https://www.youtube.com/watch?v=DXnnP5J1rD0>

VTR: La capital de un imperio: Roma (21,54)

<https://www.youtube.com/watch?v=mGAW1951Xl8>

VTR: El Coliseum (52,12)

<https://www.youtube.com/watch?v=XWVRuPJB1B4>

VTR: Antiguas megaestructuras (47) National Geographic (+)

<https://www.youtube.com/watch?v=5gw31zZUeQo>

VTR: Las siete maravillas de Roma (52)

<https://www.youtube.com/watch?v=GUK6nolYtrs>